

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A ENTIDADE LOCAL MENOR DE ARCOS DA CONDESA PARA O PROXECTO "AS CAMPÁS DO CAMIÑO"

O xerente de Turismo de Galicia

### DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Entidade Local Menor de Arcos da Condesa o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Entidade Local Menor de Arcos da Condesa para o proxecto "As Campás do Camiño".

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade galega.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

**Segundo.-** Segundo dispón o artigo 163 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, é competencia das entidades locais menores a execución de obras e a



prestación de servizos do seu interese. A Comunidade Autónoma poderá prestar a asistencia económica precisa para que as Entidades Locais de ámbito territorial inferior ao municipal poidan facer efectivas as súas competencias.

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia ten como obxectivo o desenvolvemento equilibrado do territorio galego, do medio rural e do urbano, do interior e da faixa costeira, que permita o progreso económico da totalidade do territorio e que a cidadanía galega teña unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte das nosas entidades locais que son a Administración máis próxima aos administrados.

O obxectivo común é conseguir ou mellorar o funcionamento dos servizos e das infraestruturas locais, de forma que as entidades que integran a administración local poidan prestar servizos de calidade á veciñanza con independencia do seu lugar de residencia, coa finalidade de garantir a calidade ambiental, a prevención e mitigación de efectos adversos sobre o ambiente ou a atención ás emerxencias.

**Terceiro.-** A Entidade Local Menor de Arcos da Condesa manifestou a necesidade de acometer o proxecto denominado " As Campás do Camiño" que ten como obxecto a posta a punto e realización dunha serie de obras de embelecemento en distintos recursos turísticos e etnográficos da entidade local.

A celebración do Ano Santo Xacobeo nos anos 2021 e 2022 constituíu para a Comunidade Autónoma de Galicia unha oportunidade de potenciación de Galicia, así como de promoción e de reforzo da dimensión internacional do Camiño de Santiago e da propia comunidade.

Partindo desta base a entidade local menor de Arcos da Condesa pretende levar a cabo, unha serie de iniciativas cun obxectivo común: por en valor, é dicir, rendabilizar o seu patrimonio para dalo a coñecer, conservalo e para a promoción turística ao ser parte do itinerario do Camiño Portugués. Nesta iniciativa preténdese actuar nos seguintes recursos:

- 1) Na praza de Badoucos, as obras consistirán nas seguintes actuacións:
  - Eliminación de malla antiherbas e grava existente, por medios manuais.
  - Corta das árbores obsoletas existentes.



- Formigonado do chan que está en grava.
- Limpeza e pintado dos muros existentes
- Construción dunha beirarrúa con plaqueta no bordo do muro.
- Instalación dun punto de luz.

2) No lugar de Marán as obras a acometer serán as seguintes:

- Limpeza manual da fonte e arredores de herbas, terra e restos varios.
- Instalación de punto de luz que mellore a visión nocturna da praza.
- Aglomerado en quente de vial en 265 ml con un ancho medio de 7,5 m.
- Inclúe o fresado das entronques e adaptación a nova rasante das tapas de arqueta

Que a través deste convenio, outórgase á entidade local menor Arcos da Condesa unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

